

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

(2º ESO MATEMÁTICAS, 4º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS,
4º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS, 2º BACHARELATO MATEMÁTICAS II,
2º BACHARELATO MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II)

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CURSO 2022-23

IES "RAMÓN CABANILLAS"

CAMBADOS

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.	<i>Páx 4</i>
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. 2.1 Perfís Competenciais. 2.2 Rúbricas para avaliar as competencias na ESO. 2.3 Rúbricas para avaliar as competencias no Bacharelato.	<i>Páx 5</i>
3. Obxectivos.	<i>Páx 21</i>
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: a) Temporalización. b) Grao mínimo de consecución para superar a materia. c) Procedementos e instrumentos de avaliación.	<i>Páx 23</i>
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	<i>Páx 102</i>
6. Materiais e recursos didácticos.	<i>Páx 104</i>
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	<i>Páx 105</i>
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	<i>Páx 111</i>
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	<i>Páx 113</i>

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	<i>Páx 118</i>
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	<i>Páx 118</i>
12. Medidas de atención á diversidade.	<i>Páx 119</i>
13. Concreción dos elementos transversais.	<i>Páx 120</i>
14. Actividades complementarias e extraescolares.	<i>Páx 122</i>
15. Actuacións de fomento das TIC.	<i>Páx 123</i>
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.	<i>Páx 123</i>

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A lexislación seguida para a elaboración da presente programación didáctica é:

LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9-12, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10-12-2013).

DECRETO 86/2015, do 25-6, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29-6-2015).

ORDE do 15-7-2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21-7-2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. (BOE de 29 de xaneiro)

RESOLUCIÓN do 27-7-2015 pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29-7-2015).

ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (Modificación da concreción curricular)

HORAS AO CARGO DO DEPARTAMENTO

MATERIA	HORAS SEMANAIS	Nº DE GRUPOS	TOTAL HORAS
MATEMÁTICAS 2º ESO	5	3	15
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEINANZAS ACADÉMICAS 4º ESO	4	2	8
MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEINANZAS APLICADAS 4º ESO	4	1	4
MATEMÁTICAS II (2º BACHARELATO)	4	2	8
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (2º BACHARELATO)	4	2	8
NÚMERO DE HORAS TOTAIS PARA O DEPARTAMENTO			43

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Matemáticas está composto no curso 2022-2023 por: Ana Iglesias García, Sandra María Trigo Trigo, Juan Carlos González Pérez, Milagros López Conde e Marcos Maseda Rodríguez (Xefe do Departamento).

Os grupos nos que impartirán clase xunto coa materia que darán son os seguintes:

Ana Iglesias García: 2 grupos de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas de 4º ESO, 1 grupo de Matemáticas de 1º ESO e 2 grupos de Matemáticas II de 2º Bacharelato.

Sandra María Trigo Trigo: 1 grupo de Matemáticas de 1º ESO, 2 grupos de Matemáticas de 3º ESO e 2 grupos de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato.

Juan Carlos González Pérez: 3 grupos de Matemáticas de 2º ESO, 1 grupo de Matemáticas I de 1º Bacharelato.

Marcos Maseda Rodríguez: 1 grupo de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4º ESO, 1 grupo de Matemáticas I de 1º Bacharelato, 2 grupos de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I de 1º Bacharelato.

Milagros López Conde (do departamento de Física e Química): 1 grupo de Matemáticas de 1º ESO.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas competencias segundo as especificacións da lei, son:

1. *Comunicación lingüística (CCL)*
2. *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*
3. *Competencia dixital (CD)*
4. *Competencias sociais e cívicas (CSC)*
5. *Conciencia e expresións culturais (CCEC)*
6. *Aprender a aprender (CAA)*
7. *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*

2.1- PERFÍS COMPETENCIAIS

SEGUNDO DA ESO

PERFIL DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MAB1.5.1.	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
MAB1.12.2	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.

PERFIL DE COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.
MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
MAB1.10.1.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.
MAB1.12.3.	Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

PERFIL DE COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO)

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados , valorando outras opinións
MAB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
MAB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

PERFIL DE COMPETENCIA DIXITAL

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.11.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MAB1.12.1.	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.

PERFIL DE COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.3.1.	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
MAB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.

PERFIL DE COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAB1.8.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
MAB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

CUARTO DE ESO: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas

PERFIL DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.1.1.	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MACB1.5.1.	Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.
MACB1.12.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
MACB5.3.1.	Utiliza un vocabulario adecuado para describir, cuantificar e analizar situacións relacionadas co azar.

PERFIL DE COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.
MACB1.4.2.	Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
MACB1.10.1.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.
MACB1.12.3.	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

PERFIL DE COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO)

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
MACB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
MACB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas

PERFIL DE COMPETENCIA DIXITAL

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.11.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MACB1.12.1.	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
MACB3.3.6.	Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características.

PERFIL DE COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
MACB5.1.6.	Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.

PERFIL DE COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.8.1.	Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
MACB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
MACB5.4.1.	Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos.

CUARTO DA ESO: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas

PERFIL DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAPB1.1.1.	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MAPB1.5.1.	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.
MAPB1.12.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
MAPB5.1.1.	Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.

PERFIL DE COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAPB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.
MAPB1.4.2.	Formúlanse novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
MAPB1.10.1.	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.
MAPB1.12.3.	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

PERFIL DE COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA(TRABALLO EN GRUPO)

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MAPB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
MAPB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
MAPB1.12.4.	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

PERFIL DE COMPETENCIA DIXITAL

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.11.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MACB1.12.1.	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.

PERFIL DE COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.

PERFIL DE COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACB1.8.1.	Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
MACB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

2º Bacharelato Matemáticas II

PERFIL DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.1.1.	Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MA2B1.7.3.	Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.
MA2B1.7.5.	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.
MA2B1.14.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
MA2B5.3.1.	Utiliza un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar e elabora análises críticas sobre traballos relacionados coa probabilidade e/ou a estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.

PERFIL DE COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
MA2B1.2.5.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.
MA2B1.10.3.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados; etc
MA2B1.12.1.	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas; valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados; aprendendo diso para situacións futuras; etc.
MA2B1.14.3.	Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.

PERFIL DE COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO)

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.10.4.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.

PERFIL DE COMPETENCIA DIXITAL

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.4.3.	Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que haxa que demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.
MA2B1.7.4.	Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.
MA2B1.13.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MA2B1.14.1.	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.

PERFIL DE COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.6.2.	Busca conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).

PERFIL DE COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MA2B1.5.2.	Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.
MA2B1.10.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, autocrítica constante, etc.).
MA2B1.11.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

2º Bacharelato Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II

PERFIL DE COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.1.1.	Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MACS2B1.6.3.	Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.
MACS2B1.6.5.	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.
MACS2B1.13.2.	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
MACS2B4.3.1.	Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.

PERFIL DE COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.2.3.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.
MACS2B1.9.3.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados; etc.
MACS2B1.11.1.	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprender diso para situacións futuras.
MACS2B1.13.3.	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.

PERFIL DE COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO)

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.9.4.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.

PERFIL DE COMPETENCIA DIXITAL

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.3.3.	Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar.
MACS2B1.6.4.	Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.
MACS2B1.12.1.	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MACS2B1.13.1.	Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.

PERFIL DE COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.5.2.	Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.)

PERFIL DE COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR.

CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
MACS2B1.4.2.	Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.
MACS2B1.9.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).
MACS2B1.10.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

2.2- RÚBRICAS PARA AVALIAR NA ESO AS SEGUINTE COMPETENCIAS:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA : GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA COMPETENCIA: 5 PUNTOS (SOBRE 10).

		MA_R_CCL_ESO (Matemáticas, rúbrica para avaliar a competencia comunicación lingüística na ESO)			
		ESCALA			
ASPECTOS		3	2	1	0
EXPRESIÓN ESCRITA	Corrección formal	- Non presenta faltas de ortografía nin de acentuación. - Presentación clara, limpa e ordenada.	- Presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación. - Presentación bastante clara, limpa e ordenada.	- Presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación. - Presentación pouco clara, limpa e ordenada.	- Presenta moitas faltas de ortografía e acentuación. - Presentación nin limpa, nin clara nin ordenada. - Insuficiente para avaliar.
	Expresión matemática	- Desenvolve as ideas matemáticas con coherencia e claridade e de xeito razoado. - Emprega correctamente conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia e claridade e de xeito bastante razoado. - Emprega correctamente bastantes conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia pero sen facer uso de razoamentos matemáticos. - Emprega correctamente algúns conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel.	- Non desenvolve as ideas matemáticas de xeito coherente . Non emprega o razoamento matemático para a exposición das ideas .Non usa correctamente os conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel . -Insuficiente para avaliar.
EXPRESIÓN ORAL	Expresión formal	- Boa pronunciación e entoación. - Linguaxe non verbal destacable.	- A pronunciación e entoación é aceptable. - Linguaxe non verbal axeitada.	- Pronunciación e entoación deficiente. - Linguaxe non verbal escasa.	- Pronunciación e entoación moi deficiente. - Carece de linguaxe non verbal. - Insuficiente para avaliar.
	Expresión matemática	- Desenvolve as ideas matemáticas con coherencia e claridade e de xeito razoado. - Emprega correctamente conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia e claridade e de xeito bastante razoado. - Emprega correctamente bastantes conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia pero sen facer uso de razoamentos matemáticos. - Emprega correctamente algúns conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Non desenvolve as ideas matemáticas de xeito coherente . Non emprega o razoamento matemático para a exposición das ideas .Non usa correctamente os conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel. -Insuficiente para avaliar.

A nota correspondente á competencia en comunicación lingüística calcularase como $\frac{10 \cdot CL}{12}$, sendo CL os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER: GAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CAA_ESO (Matemáticas, rúbrica para avaliar a competencia aprender a aprender na ESO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Interese por aprender e mellorar	- Sempre mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos, participando na clase e aportando ideas continuamente. - Presta atención sempre.	-Mostra bastante interese por adquirir novos coñecementos matemáticos. É bastante participativo na clase aportando ideas ás veces. - Normalmente presta atención.	-Case nunca mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos. Participa pouco na clase . Non aporta ideas. - Presta pouca atención.	- Non mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos e non participa na clase. - Non presta atención.
Identificación e resolución de problemas	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega distintas estratexias heurísticas , propias do nivel, para a resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido e o aplica noutros problemas ou contextos.	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega estratexias heurísticas sinxelas, para o seu nivel, para resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido e ás veces o aplica noutros problemas ou contextos parecidos.	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega estratexias heurísticas básicas para o seu nivel, para resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido pero ten dificultades en aplicalo noutros problemas ou contextos parecidos.	- Identifica unha situación ou problema matemático pero non aplica ningunha estratexia heurística básica para o seu nivel, na resolución dos mesmos.

A nota correspondente á competencia en aprender a aprender calcularase como $\frac{10 \cdot AA}{6}$, sendo AA os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO): GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CSC_TG_ESO (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia social e cívica, traballo en grupo na ESO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Contribucións	- Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Usualmente proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Case nunca proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase. En ocasións dificulta as propostas doutros.
Resolución de conflitos	- En situacións de desacordo ou conflito, sempre escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Sempre propón alternativas para o consenso ou solucións.	- En situacións de desacordo ou conflito, case sempre escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Usualmente propón alternativas para o consenso ou solucións.	- En situacións de desacordo ou conflito, poucas veces escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Non propón alternativas para o consenso ou solucións pero as acepta.	- En situacións de desacordo ou conflito, non escoita outras opinións nin acepta suxerencias. Non propón alternativas e deixa que outros fagan o traballo.

A nota correspondente á competencia social e cívica calcularase como $\frac{10 \cdot TG}{6}$, sendo TG os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CSIEE_ESO (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor na ESO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Esfuerzo e perseveranza	- Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e se compromete en superar as deficiencias con perseveranza, realizando practicamente todas as tarefas que se propoñen e nos prazos establecidos.	- Potencia algunha das súas capacidades de aprendizaxe e se compromete en superar algunhas das deficiencias con perseveranza, realizando case sempre todas as tarefas que se propoñen e nos prazos establecidos.	- Mostra pouco interese en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe e non persevera nela. Poucas veces realiza as tarefas propostas.	- Non mostra interese por mellorar as súas capacidades de aprendizaxe.. Nunca ou case nunca realiza as tarefas propostas.

A nota correspondente á competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor calcularase como $\frac{10 \cdot SIEE}{3}$, sendo *SIEE* os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA DIXITAL: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CD_ESO (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia dixital na ESO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Uso de ferramentas tecnolóxicas e elaboración de documentos dixitais.	-Selecciona e emprega de xeito autónomo as ferramentas tecnolóxicas axeitadas a cada situación e problema. Elabora documentos dixitais de alta calidade.	- Emprega con axuda as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Elabora documentos dixitais de calidade.	- Precisa bastante axuda para empregar as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Elabora documentos dixitais de baixa calidade.	- Non é capaz de empregar as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Non é quen de elaborar documentos dixitais.

A nota correspondente á competencia dixital calcularase como $\frac{10 \cdot CD}{3}$, sendo *CD* os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

2.3- RÚBRICAS PARA AVALIAR NO BACHARELATO AS SEGUINTE COMPETENCIAS:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA : GRAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA COMPETENCIA: 5 PUNTOS (SOBRE 10).

		MA_R_CCL_BAC (Matemáticas, rúbrica para avaliar a competencia comunicación lingüística no BACHARELATO)			
		ESCALA			
ASPECTOS		3	2	1	0
EXPRESIÓN ESCRITA	Corrección formal	- Non presenta faltas de ortografía nin de acentuación. - Presentación clara, limpa e ordenada.	- Presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación. - Presentación bastante clara, limpa e ordenada.	- Presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación. - Presentación pouco clara, limpa e ordenada.	- Presenta moitas faltas de ortografía e acentuación. - Presentación nin limpa, nin clara nin ordenada. - Insuficiente para avaliar.
	Expresión matemática	- Desenvolve as ideas matemáticas con coherencia e claridade e de xeito razoado. - Emprega correctamente conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia e claridade e de xeito bastante razoado. - Emprega correctamente bastantes conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia pero sen facer uso de razoamentos matemáticos. - Emprega correctamente algúns conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel.	- Non desenvolve as ideas matemáticas de xeito coherente . Non emprega o razoamento matemático para a exposición das ideas .Non usa correctamente os conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel . -Insuficiente para avaliar.
EXPRESIÓN ORAL	Expresión formal	- Boa pronunciación e entoación. - Linguaxe non verbal destacable.	- A pronunciación e entoación é aceptable. - Linguaxe non verbal axeitada.	- Pronunciación e entoación deficiente. - Linguaxe non verbal escasa.	- Pronunciación e entoación moi deficiente. - Carece de linguaxe non verbal. - Insuficiente para avaliar.
	Expresión matemática	- Desenvolve as ideas matemáticas con coherencia e claridade e de xeito razoado. - Emprega correctamente conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia e claridade e de xeito bastante razoado. - Emprega correctamente bastantes conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Desenvolve as ideas matemáticas con bastante coherencia pero sen facer uso de razoamentos matemáticos. - Emprega correctamente algúns conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel .	- Non desenvolve as ideas matemáticas de xeito coherente . Non emprega o razoamento matemático para a exposición das ideas .Non usa correctamente os conceptos e vocabulario matemáticos propios do seu nivel. -Insuficiente para avaliar.

A nota correspondente á competencia en comunicación lingüística calcularase como $\frac{10 \cdot CL}{12}$, sendo CL os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER: GAO MÍNIMO PARA A SUPERACIÓN DA COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CAA_BAC (Matemáticas, rúbrica para avaliar a competencia aprender a aprender no BACHARELATO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Interese por aprender e mellorar	- Sempre mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos, participando na clase e aportando ideas continuamente. - Presta atención sempre.	-Mostra bastante interese por adquirir novos coñecementos matemáticos. É bastante participativo na clase aportando ideas ás veces. - Normalmente presta atención.	-Case nunca mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos. Participa pouco na clase . Non aporta ideas. - Presta pouca atención.	- Non mostra interese por adquirir novos coñecementos matemáticos e non participa na clase. - Non presta atención.
Identificación e resolución de problemas	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega distintas estratexias heurísticas , propias do nivel, para a resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido e o aplica noutros problemas ou contextos.	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega estratexias heurísticas sinxelas, para o seu nivel, para resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido e ás veces o aplica noutros problemas ou contextos parecidos.	- Identifica unha situación ou problema matemático e emprega estratexias heurísticas básicas para o seu nivel, para resolución dos mesmos. Reflexiona sobre o proceso seguido pero ten dificultades en aplicalo noutros problemas ou contextos parecidos.	- Identifica unha situación ou problema matemático pero non aplica ningunha estratexia heurística básica para o seu nivel, na resolución dos mesmos.

A nota correspondente á competencia en aprender a aprender calcularase como $\frac{10 \cdot AA}{6}$, sendo AA os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (TRABALLO EN GRUPO): GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CSC_TG_BAC (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia social e cívica, traballo en grupo no BACHARELATO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Contribucións	- Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Usualmente proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase.	- Case nunca proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión da clase. En ocasións dificulta as propostas doutros.
Resolución de conflitos	- En situacións de desacordo ou conflito, sempre escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Sempre propón alternativas para o consenso ou solucións.	- En situacións de desacordo ou conflito, case sempre escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Usualmente propón alternativas para o consenso ou solucións.	- En situacións de desacordo ou conflito, poucas veces escoita outras opinións ou acepta suxerencias. Non propón alternativas para o consenso ou solucións pero as acepta.	- En situacións de desacordo ou conflito, non escoita outras opinións nin acepta suxerencias. Non propón alternativas e deixa que outros fagan o traballo.

A nota correspondente á competencia social e cívica calcularase como $\frac{10 \cdot TG}{6}$, sendo TG os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CSIEE_BAC (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor no BACHARELATO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Esfuerzo e perseveranza	- Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e se compromete en superar as deficiencias con perseveranza, realizando practicamente todas as tarefas que se propoñen e nos prazos establecidos.	- Potencia algunha das súas capacidades de aprendizaxe e se compromete en superar algunhas das deficiencias con perseveranza, realizando case sempre todas as tarefas que se propoñen e nos prazos establecidos.	- Mostra pouco interese en mellorar as súas capacidades de aprendizaxe e non persevera nela. Poucas veces realiza as tarefas propostas.	- Non mostra interese por mellorar as súas capacidades de aprendizaxe.. Nunca ou case nunca realiza as tarefas propostas.

A nota correspondente á competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor calcularase como $\frac{10 \cdot SIEE}{3}$, sendo *SIEE* os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

COMPETENCIA DIXITAL: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A COMPETENCIA 5 PUNTOS (SOBRE 10).

MA_R_CD_BAC (Matemáticas, rúbrica para avaliar a Competencia dixital na ESO)				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Uso de ferramentas tecnolóxicas e elaboración de documentos dixitais.	-Selecciona e emprega de xeito autónomo as ferramentas tecnolóxicas axeitadas a cada situación e problema. Elabora documentos dixitais de alta calidade.	- Emprega con axuda as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Elabora documentos dixitais de calidade.	- Precisa bastante axuda para empregar as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Elabora documentos dixitais de baixa calidade.	- Non é capaz de empregar as ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo profesorado. Non é quen de elaborar documentos dixitais.

A nota correspondente á competencia dixital calcularase como $\frac{10 \cdot CD}{3}$, sendo *CD* os puntos acadados ao aplicar a rúbrica para avaliar esta competencia.

3. OBXECTIVOS.

3.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ESO.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN ESIXIDO EN CADA ESTÁNDAR PARA SUPERAR A MATERIA, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO MESMO.

Neste apartado incluímos os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe tal e como ven no currículo da LOMCE para a nosa comunidade autónoma e, a continuación, o grao mínimo de consecución esixido en cada estándar para superar a materia, a temporalización e os procedementos de avaliación para os cursos de 2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato.

Segundo de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. 	Primeiro trimestre	MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	Traballos, probas obxectivas
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes. 	Primeiro trimestre	MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.	Traballos, probas obxectivas
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplicación en 	Primeiro trimestre	MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos	Traballos, probas obxectivas

situacións reais.		os outros dous, e aplícao en situacións reais.	
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas. 	Primeiro trimestre	Ver grao mínimo fixado na rúbrica MA_R_CCL_BAC	Traballos, probas obxectivas, observación sistemática
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo. 	Primeiro trimestre	MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	Traballos, probas obxectivas
<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. 	Primeiro trimestre	MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	Traballos, probas obxectivas, observación sistemática

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA .

METODOLOXÍA.

A metodoloxía de traballo, tanto na ESO como no bacharelato, basearase nos seguintes principios:

a) Presentación da materia.

Ao principio do curso cada profesor/a do departamento creará un curso por nivel e materia asignados en EVAEdixgal na ESO e na Aula Virtual en Bacharelato e formará ao seu alumnado no seu manexo.

Farase unha presentación da materia na que se informará ao alumnado como mínimo sobre:

- Contidos do curso.
- Distribución dos contidos por trimestres.
- Sistema de avaliación, incluíndo os criterios de corrección para as probas escritas que se especifican no apartado de avaliación.
- Plan de recuperación e avaliación das materias pendentes (no caso de que exista alumnado nesta situación).

b) Avaliación inicial.

Durante os primeiros días do curso levarase a cabo unha avaliación inicial, co fin de determinar aqueles posibles casos nos que será necesario reforzar conceptos e contidos de cursos anteriores e co fin de que o profesorado sitúe o nivel de coñecementos dos que parte o alumnado.

c) Desenvolvemento das unidades didácticas.

- Ao principio de cada unidade didáctica farase unha introdución á mesma repasando os conceptos previos que se precisen e realizando actividades de repaso relacionadas coas aprendizaxes imprescindibles impartidas no curso anterior e necesarias para abordar os contidos da unidade didáctica en cuestión. Nos cursos nos que proceda, tamén se abordarán as correspondentes aprendizaxes imprescindibles non impartidas no curso anterior.
- No desenvolvemento da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Para a adquisición de novos coñecementos pódense combinar varios métodos: explicación directa, consulta do libro de texto ou outro material por parte do alumnado e aprendizaxe por descubrimento. No caso de ter que pasar a un ensino non presencial, a explicación directa será substituída por un enlace a un vídeo explicativo.
- O desenvolvemento das clases farase da forma máis activa e participativa posibles, tratando de que o alumnado interveña activamente na corrección das actividades, aclarando dúbidas, presentando alternativas, comentarios, etc.
- Ao final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade que consoliden e relacionen entre si os coñecementos acadados.

d) Selección de cuestións para que o alumnado estude por si mesmo.

Para mellorar a comprensión escrita de textos científicos e impulsar así a autosuficiencia do alumnado na consulta de dúbidas, procurarase seleccionar en todas as unidades didácticas algunha cuestión para que sexa estudada polo alumnado a través dun material seleccionado polo profesorado. Para esta selección escolleranse epígrafes concretos do libro de texto (que se considere que están expostos con claridade e son accesibles para o/a alumno/a) ou ben proporcionaráselle un material máis axeitado. Dúas alternativas para levar a cabo esta medida poden ser:

- Que o material indicado sexa estudado durante parte da hora de clase e despois o alumnado realice actividades relacionadas. Neste caso, ao final, o profesor ou profesora pode facer un resumo dos conceptos estudados ou ben limitarse a aclarar as dúbidas concretas que se plantexen.
- Que o devandito material sexa obxecto de preparación na casa para ser exposto ante o resto do grupo por algún alumno/a elixido/a ao chou. No caso de ter que pasar a un ensino non presencial, esta exposición farase, na medida do posible, por videoconferencia.

e) Actividades propostas.

- En todas as unidades as actividades propostas serán variadas en canto a dificultade e abranguerán todos os contidos estudados.
- O profesor ou profesora garantirá que o alumnado coñeza a solución de todas as actividades propostas e que poida aclarar calquera dúbida ao respecto.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

LIBROS DE TEXTO.

O presente curso, o Departamento decidiu fixar libro de texto obrigatorio en 2º ESO, 4º ESO en Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas, 4º ESO en Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas e en Matemáticas II de 2º Bacharelato. En Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato proponse un libro de consulta recomendado pero non obrigatorio. Os citados libros son os seguintes:

Matemáticas 2º de ESO: MAT 2A Editorial Vicens Vives.

Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º de ESO: MAT 4A Editorial Vicens Vives.

Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º de ESO: MAT 4B Editorial Vicens Vives.

Matemáticas II (2º Bacharelato): Matemáticas II, Savia Editorial SM.

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II (2º Bacharelato): Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II, Savia Editorial SM.

OUTROS MATERIAIS CURRICULARES.

Apuntes e boletíns de exercicios elaborados polo profesorado cando se considere oportuno e que se colocarán na Aula Virtual (Plataforma EVA Edixgal na ESO). Estas plataformas tamén serán empregadas para que o alumnado teña á súa disposición presentacións ou enlaces de interese.

Para facilitar a asimilación dos contidos, a metodoloxía apoiarase, ademais de nos libros de texto xa mencionados, noutro tipo de material didáctico de diversas editoriais, xa sexa para actividades de reforzo ou de complementación, encamiñados ao reforzo do alumnado que o necesite e á complementación dos contidos para aqueles alumnos e alumnas que vaian mellor e poidan incrementar así os seus coñecementos.

Tamén será preciso empregar, sempre que o programa así o requira, material xeométrico do departamento, a calculadora científica, follas de cálculo, o programa informático Geogebra e diferentes ferramentas informáticas e audiovisuais (encerado dixital).

Empregarase, cando sexa posible, a aula de informática, tanto para realizar actividades de autoavaliación, como para traballar con programas informáticos como Geogebra, follas de cálculo..., ou simplemente manexar internet para visitar páxinas de interese matemático.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1- AVALIACIÓN ORDINARIA.

Segundo indica o currículo oficial, os criterios de avaliación que se concretan nos estándares de aprendizaxe establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que o alumnado vaia acadando ao longo da Educación Secundaria e do Bacharelato con respecto ás competencias básicas e ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Por outra banda, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha función formativa, porque ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Ademais, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino, xa que os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe veñen ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo do ensino e da aprendizaxe.


Ao inicio do curso, deberase efectuar unha **avaliación inicial**, co propósito de detectar o nivel de coñecementos individual e colectivo, así como os erros ou ideas previas que teñen. Esta proba oral ou escrita tamén se poderá realizar ao principio dalgunha das unidades didácticas..

Durante o período de clases, levarase a cabo a **avaliación formativa** ou **procesual**, examinaranse as actividades de cada alumno e alumna, mediante o control dos seus cadernos, control de realización de actividades para casa, traballos de clase individuais ou en grupo, saídas ao encerado para resolución de exercicios ou exposicións orais, participación e realización de actividades individuais ou en grupo tanto na clase como na aula de informática. Tomaranse anotacións que reflectan os aspectos anteriores. Ao final de cada unidade didáctica, ou agrupando algunhas delas, efectuarase unha proba obxectiva escrita que recollerá os aspectos máis importantes tratados ao longo dese período.

Por último farase unha **avaliación sumativa**, na que se establecerán os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe.

AVALIACIÓN EN 2º e 4º ESO.

Para obter a cualificación nunha avaliación terase en conta a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, cun peso do **85% (75 % as probas escritas, 10% exercicios de clase e/ou traballos**. No caso de ter que pasar a un ensino non presencial faranse a través da Aula Virtual. Calquera proba, exercicio ou traballo presentada fóra de prazo será puntuada cun cero.) sobre a cualificación da mesma, a **competencia en comunicación lingüística**, cun peso do **1%**, a **competencia en aprender a aprender**, cun peso do **5%**, a **competencia social e cívica (traballo en grupo)**, cun peso do **1%**, a **competencia dixital**, cun peso do **2%**, a **competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, cun peso do **5%** e a **competencia conciencia e expresións culturais**, cun peso do **1%**.



Competencia	Instrumentos de avaliación
Matemática, ciencia e tecnoloxía	Probas obxectivas, exercicios de clase e traballos.
Comunicación lingüística	Rúbrica MA_R_CCL_ESO.
Aprender a aprender	Rúbrica MA_R_CAA_ESO.
Social e cívica	Rúbrica MA_R_CSC_TG_ESO.
Dixital	Rúbrica MA_R_CD_ESO.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Rúbrica MA_R_CSIEE_ESO.
Conciencia e expresións culturais	Traballos e exercicios.

Para a avaliación das **probos escritas** procederáse do seguinte xeito:

Na 1ª avaliación:

- Se se fan dúas probas escritas, na primeira, cun peso do 40% da nota, avaliaranse os contidos impartidos ata a data da mesma e na segunda, cun peso do 60%, inclúense todos os contidos impartidos na avaliación.
- Se se fan tres probas, en cada unha delas se inclúen todos os contidos impartidos dende o comezo da avaliación ata ese momento dándolles un peso do 20%, 30% e 50% respectivamente.

Na 2ª avaliación: Faranse dúas ou tres probas. Na primeira proba, avaliaranse os contidos da primeira avaliación máis a materia dada na segunda ata ese momento e no resto das probas que se fagan só se avaliarán os contidos da segunda avaliación. Todas as probas terán o mesmo peso.

Na 3ª avaliación: Faranse tres probas. A primeira inclúe a materia da 1ª avaliación e todo o dado na terceira avaliación ata ese momento. A segunda inclúe a materia da 2ª avaliación e todo o dado na terceira avaliación ata ese momento. A terceira proba inclúe só a materia da terceira avaliación. As tres probas terán o mesmo peso.

Para a elaboración das probas escritas tomaranse como referentes os estándares de aprendizaxe fixados polo decreto da consellería de 86/2015 do 25 de xuño e que se indican para cada curso na presente programación. Teranse en conta os seguintes criterios de corrección:

- Cada problema cualificarase dunha maneira distinta, atendendo a se se realizou unicamente a resolución, ou se esa resolución se razoou adecuadamente, indicando os contidos ou procedementos utilizados na resolución.
- Na resolución dos exercicios, distingúense entre erros de cálculo e erros conceptuais.


- Na resolución dos exercicios deberán figurar as operacións e os cálculos necesarios para a súa resolución.
- Non se puntuará o exercicio cando só se poña o resultado sen ningún tipo de aclaración ou proceso, ou se dean dous ou máis resultados distintos para un problema ou exercicio sen indicar claramente cal é o resultado que se debe ter en conta na corrección do mesmo.
- No desenvolvemento dos exercicios tamén se valorará a exposición clara, ordenada e razoada así como a utilización dunha terminoloxía e notación matemática axeitadas.
- No caso de que algún alumno ou alumna copie nun exame ou faga copia literal ou de forma importante dun traballo (tanto dun compañeiro ou compañeira como de información presente en Internet), a nota nese exame ou traballo será un 0.
- O uso da calculadora nos exames está restrinxido a aqueles exercicios ou problemas que o profesorado considere oportuno.
- Se algún alumno ou alumna faltase a algún exame, se lle repetiría sempre e cando presente xustificante médico ou unha xustificación por causa grave.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A nota final do curso será a media ponderada da primeira, segunda e terceira avaliación cun peso do 25%, 35% e 40% respectivamente ou un 5 se aproba a terceira avaliación sendo a media anterior inferior a 5.

AVALIACIÓN EN 2º BACHARELATO.

Para obter a cualificación nunha avaliación terase en conta a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, cun peso do **85% (80 % as probas escritas, 5% exercicios de clase e/ou traballos** No caso de ter que pasar a un ensino non presencial faranse a través da Aula Virtual. Calquera proba, exercicio ou traballo presentada fóra de prazo será puntuada cun cero.) sobre a cualificación da mesma, a **competencia en comunicación lingüística**, cun peso do **1%**, a **competencia en aprender a aprender**, cun peso do **5%**, a **competencia social e cívica (traballo en grupo)**, cun peso do **1%**, a **competencia dixital**, cun peso do **2%**, a **competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, cun peso do **5%** e a **competencia conciencia e expresións culturais**, cun peso do **1%**.



Competencia	Instrumentos de avaliación
Matemática, ciencia e tecnoloxía	Probas obxectivas, exercicios de clase e traballos.
Comunicación lingüística	Rúbrica MA_R_CCL_BAC.
Aprender a aprender	Rúbrica MA_R_CAA_BAC.
Social e cívica	Rúbrica MA_R_CSC_TG_BAC.
Dixital	Rúbrica MA_R_CD_BAC.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Rúbrica MA_R_CSIEE_BAC.
Conciencia e expresións culturais	Traballos e exercicios.

Para a avaliación das **probos escritas** procederáse do seguinte xeito:

Na 1ª avaliación: Faranse dúas probas, na primeira, cun peso do 40% da nota, avaliaranse os contidos impartidos ata a data da mesma e na segunda, cun peso do 60%, incluíranse todos os contidos impartidos na avaliación.

Na 2ª avaliación: Faranse dúas ou tres probas. Na primeira proba avaliaranse os contidos da primeira avaliación máis a materia dada na segunda ata ese momento e no resto das probas que se fagan só se avaliarán os contidos da segunda avaliación.

Todos as probas terán o mesmo peso.

Na 3ª avaliación: Faranse tres probas. A primeira proba incluírá a materia da 1ª avaliación e todo o dado na terceira avaliación ata ese momento. A segunda proba incluírá a materia da 2ª avaliación e todo o dado na terceira avaliación ata ese momento. A terceira proba será só da materia da terceira avaliación. As tres probas terán o mesmo peso na avaliación.

Para a elaboración das probas escritas tomaranse como referentes os estándares de aprendizaxe fixados polo decreto da consellería de 86/2015 do 25 de xuño e que se indican para cada curso na presente programación. Teranse en conta os seguintes criterios de corrección:

- Terase en conta na cualificación dun exercicio ou problema se se realizou unicamente a resolución, ou se esa resolución se razoou adecuadamente, explicando, cunha linguaxe e notación matemática adecuada o proceso seguido na resolución do mesmo.
- Na resolución dos exercicios, distingúranse entre erros de cálculo e erros conceptuais..
- Na resolución dos exercicios deberán figurar as operacións e os cálculos necesarios para a súa resolución.
- Non se puntuará o exercicio cando só se poña o resultado sen ningún tipo de aclaración ou proceso, ou se dean dous ou máis resultados distintos para un problema ou exercicio sen indicar claramente cal é o resultado que se debe ter en conta na corrección do mesmo.
- No caso de que algún alumno ou alumna copie nun exame ou faga copia literal ou de forma importante dun traballo (tanto dun

- compañeiro ou compañeira como de información presente en Internet), a nota nese exame ou traballo será un 0.
- En 1º de Bacharelato, o uso da calculadora nos exames está restrinxido a aqueles exercicios ou problemas que o profesorado considere oportuno. En 2º de Bacharelato, permitirase o uso de calculadora non gráfica e non programable.
 - Se algún alumno ou alumna faltase a algún exame, se lle repetiría sempre e cando presente xustificante médico ou unha xustificación por causa grave.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A nota da avaliación final ordinaria do curso será a media ponderada das notas obtidas da primeira, segunda e terceira avaliación cun peso do 25%, 35% e 40% respectivamente ou un 5 se aproba a terceira avaliación sendo a media anterior inferior a 5.

7.2- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA EN 2º DE BACHARELATO.

No período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º Bacharelato, para os alumnos/as que obtiveron unha nota inferior a 5, realizaranse actividades que se desenvolveron ao longo do curso, facendo máis fincapé nas que o profesor/a considere de máis necesidade de reforzo para, deste xeito, acadar os obxectivos que leven ao alumno/a á recuperación da materia.

Para poder recuperar a materia farase unha proba extraordinaria, haberá un único exame por materia cuxos criterios de corrección son os mesmos que os citados na avaliación ordinaria para cada etapa.

Para aprobar a materia do curso o alumno/a terá que sacar un 5 ou unha nota superior a 5.

Aqueles alumnos/as que teñan de nota un 5 ou superior, farán actividades de repaso e consolidación para a preparación da proba de acceso á universidade.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O Decreto 86/2015, do 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 3 do seu Artigo 21: *“O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”*.

Para a avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente, establécense os indicadores de logro que figuran na seguinte táboa:

INDICADORES DE LOGRO.	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			

2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
7.- Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.?			
8.- Fixáronse para o bacharelato uns procedementos de acreditación de coñecementos previos?			
9.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?			
10.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?			
11.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			
12.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			
13.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?			
14.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?			
15.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc, vinculados aos estándares?			
16.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			
17.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			
18.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?			
19.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?			
20.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?			

9.- PLAN DE REFORZO DAS MATERIAS PENDENTES. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. IES RAMÓN CABANILLAS.

PLAN DE REFORZO PENDENTES

IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A		
Apelidos:	Nome:	
Curso-Grupo:	Data de nacemento:	
Curso Académico:		
<i>Datos de interese do alumno/a</i>		
Cursos repetidos:		
Materias pendentes do Dpto de Matemáticas:		
Información do alumno/a a ter en conta:		
<i>Medidas de atención á diversidade do alumno/a</i>		
	<i>Curso actual</i>	<i>Cursos anteriores</i>
Medidas ordinarias (reforzo,...)		
	<i>Curso actual</i>	<i>Cursos anteriores</i>
Medidas extraordinarias (ACI,...)		
	<i>Curso actual</i>	<i>Cursos anteriores</i>
Outras		

INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A(S) MATERIA(AS) SEN SUPERAR			
	SÍ	NON	CÚSTALLE
Emprega correctamente a linguaxe matemática (escrita e verbal).			
Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).			
Desenvolve estratexias matemáticas e aplica razoamentos matemáticos na realización dos exercicios e problemas.			
Desenvolve hábitos de disciplina, estudo e traballo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe.			
Desenvolve o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e asume responsabilidades.			
Selecciona e emprega de xeito autónomo as ferramentas tecnolóxicas axeitadas a cada situación e problema.			

CURRÍCULO A DESENVOLVER
<p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ ... ➤ ...
<p>Criterios de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ ... ➤ ...

ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
<p>O profesor/a do departamento de Matemáticas que lles da clase aos alumnos/as con alguna materia pendente de Matemáticas, encargarse de levar todo o relativo a dita materia pendente suspensa. Entregaralles uns boletíns con exercicios (3 Tarefas a realizar) cunha data límite de entrega, que os cualificará de 0 a 10 puntos e que lles servirán de guía para a preparación da correspondente proba escrita de Xaneiro (liberatoria), a cal versará sobre os contidos expostos neses boletíns. Dito profesor atenderá ás posibles dúbidas que lles poidan xurdir ao longo do curso.</p> <p>Os alumnos/as coa materia pendente que non superen esta parte (nota inferior a 5) terán a posibilidade de recuperar con outra proba escrita que será no mes de Abril.</p>

Os boletíns de exercicios e as probas escritas servirán, ao profesor da materia pendente, para avaliar ao alumnado coa materia pendente, según os criterios de avaliación indicados neste plan de reforzo.

As probas escritas realizadas polo alumno cualificaranse de cero a dez puntos. Na corrección destas probas teranse en conta os seguintes criterios xerais:

- Na resolución dos exercicios utilizarase bolígrafo azul e negro e deberán figurar as operacións e os cálculos necesarios para a resolución destes.
- Todas as respostas e os cálculos estarán debidamente xustificadas. Se só se achega a solución sen ningún tipo de xustificación terá unha cualificación de cero puntos.
- No desenvolvemento dos exercicios tamén se valorará a exposición clara, ordenada e razoada así como a utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática.

No suposto de que un alumno non se presentase a algunha proba escrita por causa inxustificada, non terá dereito á realización da mesma, e a cualificación correspondente a esa proba será de cero puntos. Así mesmo, se un alumno é sorprendido copiando ou se pode demostrar que así o fixo ou ben utiliza ferramentas de calquera tipo que non están permitidos durante a realización dunha proba escrita, cualificarase con cero puntos a devandita proba.

RECURSOS NECESARIOS

Os recursos dos que se disporán, serán:

- Caderno do alumno/a ou archivador
- Calculadora
- Boletíns de exercicios elaborados polo profesor/a
- Aula Virtual do centro

TAREFAS A REALIZAR - TEMPORALIZACIÓN
SETEMBRO-OUTUBRO 2022
TAREFA 1: BLOQUE BOLETÍN DE EJERCICIOS E PROBLEMAS RELATIVOS A: ➤
OUTUBRO-NOVEMBRO 2022
TAREFA 2: BLOQUE BOLETÍN DE EJERCICIOS E PROBLEMAS RELATIVOS A: ➤
NOVEMBRO-DECEMBRO 2022
TAREFA 3: BLOQUE BOLETÍN DE EJERCICIOS E PROBLEMAS RELATIVOS A: ➤

SEGUIMIENTO DA MATERIA PENDENTE		
TAREFA 1	TAREFA 2	TAREFA 3
Data entrega:	Data entrega:	Data entrega:
Nota:	Nota:	Nota:
Observacións:	Observacións:	Observacións:
PROBA ESCRITA - XANEIRO		
Data:		
Nota Proba Escrita:		
PROBA ESCRITA RECUPERACIÓN - ABRIL		
Data:		
Nota Proba Escrita:		

AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE						
NOTA TAREFA 1	NOTA TAREFA 2	NOTA TAREFA 3	NOTA MEDIA TAREFA 1, TAREFA 2 E TAREFA 3	NOTA PROBA ESCRITA (XANEIRO)	MEDIA PONDERADA (TAREFAS 10%- PROBA ESCRITA 90%)	NOTA FINAL PENDENTES
VER TÁBOA DA RÚBRICA ABAIXO						

No caso de que a Nota Final de Pendentes fose inferior a 5, o alumno/a poderá presentarse á proba escrita de recuperación en Abril cuxa nota, se é superior á da Proba Escrita de Xaneiro, substituiraa para o cálculo da Nota Final de Pendentes. Para superar a materia pendente, o valor da Nota Final de Pendentes debe ser de 5 ou superior.

Un alumno/a de 2º de Bacharelato que todavía non superara as matemáticas pendentes, terá en Xuño unha proba escrita (proba extraordinaria de pendentes) a cal versará, coma as anteriores probas, sobre os contidos dos boletíns. Se acada unha nota maior ou igual a 5 superaría a materia pendente.

RÚBRICA PARA AVALIAR AS TAREFAS DOS ALUMNOS/AS PENDENTES				
ESCALA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Data de entrega. Presentación	- Boletín de exercicios entregado na súa data con presentación clara e coherente	- Boletín de exercicios entregado na súa data con presentación non moi clara e incoherente	- Boletín de exercicios entregado fora de data con presentación clara e coherente	- Boletín de exercicios non entregado
Traballados. Razoamentos. Estratexias.	- Boletín de exercicios practicamente todos traballados con razoamentos matemáticos e aplicación de estratexias coherentes na súa resolución.	- Boletín de exercicios coa metade traballados con razoamentos matemáticos e aplicación de estratexias coherentes na súa resolución.	- Boletín de exercicios pouco traballados con razoamentos matemáticos e aplicación de estratexias coherentes na súa resolución.	- Boletín de exercicios non traballados.

INFORMACIÓN Á FAMILIA DA MATERIA PENDENTE
A través da sección de observacións do boletín de notas.

10.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO.

De acordo co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a superación das materias de segundo curso, Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso, Matemáticas I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, por implicar continuidade.

No caso de cambio de modalidade no bacharelato en 2º curso, o alumnado deberá recuperar a materia de matemáticas de primeiro de bacharelato propia da modalidade á que fixo o cambio do mesmo xeito que o alumnado que a ten pendente do curso anterior.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

O obxectivo da avaliación inicial é identificar as dificultades do alumnado e as súas necesidades de atención educativa.

A avaliación inicial na ESO levarase a cabo durante os primeiros días do curso e comprenderá as seguintes accións:

- Análise dos informes do curso anterior.
- Realización dunha proba inicial escrita para todo o alumnado de cada nivel de ESO, referida ás aprendizaxes imprescindibles do nivel anterior necesarias para construír sobre elas as novas aprendizaxes.
- Recollida, mediante observación directa na clase, de información sobre a forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) e o grao de integración social do alumno ou alumna.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, as medidas que se poden adoptar son:

- **Medidas colectivas:** corrección da proba escrita no encerado para aclarar dúbidas e corrixir erros, realización de actividades de repaso, reordenación do alumnado na aula.
- **Medidas individuais:** reforzo educativo impartido polo profesor/a da materia, apoio ocasional fóra ou dentro do grupo ordinario por parte da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica, atención máis individualizada na aula, realización de actividades complementarias na casa, proposta dunha adaptación curricular, proposta para o PROA, contactar cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario, proposta de exercicios máis complexos ou incluso de ampliación de contidos para aqueles alumnos e alumnas con altas capacidades intelectuais.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo o artigo 7 punto 1 da Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

Partimos de que as medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria ou o Bacharelato e non poderán supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Medidas organizativas:

- Os alumnos/as da ESO poderán recibir, no caso de necesitalo, apoio en Matemáticas fóra da aula por parte da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Desenvolverase o *Programa PROA*.

Medidas curriculares adoptadas polo Departamento:

- Realizarase unha avaliación inicial durante o primeiro mes do curso académico que facilite o coñecemento non só de cada grupo como conxunto, senón tamén de diversos aspectos individuais do noso alumnado. Na sesión desta avaliación inicial disporase da información proporcionada polo Departamento de Orientación.
- Teranse en conta as medidas e acordos tomados polos equipos docentes na sesión de avaliación inicial dos distintos grupos.
- Identificaranse os alumnos/as que necesiten un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe, distinguindo entre aqueles estudantes con necesidades educativas especiais, altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiren unha atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.
- Segundo a situación particular de cada alumno/a, e tras consensuar a decisión co Departamento de Orientación, procurarase tomar a medida curricular máis axeitada para dar resposta ás súas necesidades. Estas medidas poden consistir en: adaptacións metodolóxicas,

adecuación dos obxectivos, diversificación dos procedementos e instrumentos de avaliación, adaptación dos tempos para a realización de probas escritas, selección e uso de materiais curriculares distintos, reforzo ou afondamento dentro da aula por parte do profesor ou profesora da materia, apoio dado pola profesora especialista en Pedagogía Terapéutica dentro ou fóra da aula, etc.

- O profesor/a desenvolverá algunha estratexia para que os alumnos/as cuxo ritmo de aprendizaxe é máis lento có dos demais poidan continuar a avanzar na adquisición de coñecementos e na súa aplicación práctica.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Cando o momento se considere apropiado, traballaranse os elementos transversais que se detallan a continuación, adaptando actividades e prestando sempre atención a que a metodoloxía empregada e as distintas situacións producidas no transcurso das sesións desta materia (proposta de actividades, traballo en grupo, distribución do alumnado en grupos, conclusións, valoracións e exposición de opinións por parte do alumnado, etc) permitan traballalos.

Fomento da educación cívica e constitucional.

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Cortar de raíz calquera indicio de acoso escolar, tomando todas as medidas pertinentes ao noso alcance.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, por ideoloxía, racismo ou xenofobia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, da aula de informática ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos e alumnas no centro.
- Evitar os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Educación para a igualdade de oportunidades.

A través da materia intentarase:

- Resaltar o papel que tivo e ten a muller nas matemáticas e no desenvolvemento científico.
- Realizar estudos sociais referentes a home/muller (traballo en certa actividade, remuneración), interpretar posibles discriminacións entre sexos e representar gráficamente os estudos realizados.
- Fomentar o traballo en equipo establecendo o liderazgo de maneira rotatoria.

Educación vial.

A través da materia intentarase:

- Realizar estudos estatísticos sobre accidentes de tráfico, establecendo relacións coa idade do condutor ou condutora do automóbil, época do accidente, lugar, condicións atmosféricas, etc.

Estudo do xenocidio franquista e do Holocausto xudeu.

A través da materia intentarase:

- Buscar datos cuantitativos e cualitativos do xenocidio franquista e do Holocausto xudeu e facer un tratamento estatístico dos mesmos.

Fomento da comprensión lectora e a expresión oral e escrita.,

- No desenvolvemento das clases, á hora de resolver problemas, seguiremos as seguintes pautas:
 - Lectura en voz alta do enunciado.
 - Toma de notas, representando os datos esquemáticamente nun gráfico, debuxo, esquema, etc., obrigando a ler con máis atención.
 - Explicar, oralmente e/ou por escrito, o proceso seguido para a resolución do problema.
- Potenciaranse as lecturas sobre a Historia das Matemáticas e as dos matemáticos e matemáticas que vaian xurdindo relacionados coa materia estudada.

- Propóranse traballos sobre algún contido da materia nos que o alumnado deberá buscar información en distintas páxinas web recomendadas polo profesorado , sacar conclusións e comunicalas de forma oral á clase e/ou escrita ao profesorado.
- Poderase propor algún libro con algún contido matemático como lectura obrigatoria do que se presentaría un traballo.

Fomento da comunicación audiovisual e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e o Emprendemento.

O departamento para traballar este aspecto do currículo propón:

- Utilizar para a docencia os seguintes medios:
 - Encerado dixital.
 - Aula de informática.
 - Acceso ao texto do alumnado en formato dixital.
 - Aula Virtual.
 - Internet.
 - Desenvolvemento de actividades interactivas.
- Fomentar o uso de ferramentas tecnolóxicas, como follas de cálculo, para a realización áxil de cálculos e realización de gráficos estatísticos.
- Mostrar a utilidade de Geogebra para unha maior comprensión de propiedades xeométricas e funcionais.
- Propor traballos que serán presentados correctamente grazas á utilización do software axeitado.

Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.

Os propios procesos de resolución de problemas contribúen de forma especial a fomentar a autonomía e iniciativa persoal porque se utilizan para planificar estratexias, asumir retos e contribúen a convivir coa incerteza controlando ao mesmo tempo os procesos de toma de decisións. Ademais, a través da materia intentarase:

- Propor situacións que estean fundamentadas na vida real e relacionadas cos intereses e habilidades do alumnado para que experimente experiencias de éxito.
- Utilizar a autoavaliación de forma frecuente para promover a capacidade de xulgar e valorar os logros respecto a unha tarefa determinada.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Durante este curso escolar o departamento non ten previsto realizar ningunha actividade extraescolar nin complementaria.

15.- ACTUACIÓN DE FOMENTO DAS TIC.

Para potenciar e mellorar a utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o Departamento de Matemáticas traballará seguindo as seguintes liñas:

- Participación en actividades de formación relacionadas coas TIC por parte do profesorado do departamento.
- Formar ao alumnado para que adquira as destrezas necesarias para o uso das TIC.
- Aproveitar as posibilidades que nos ofrecen as versións dixitais dos libros de texto.
- Empregar a Aula Virtual como unha das ferramentas no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilizar o encerado dixital e as presentacións dixitais tanto para as explicacións do profesorado como para as exposicións do alumnado.
- Utilizar programas e aplicacións informáticas (procesador de texto, Geogebra, folla de cálculo, ...)
- Buscar información de forma orientada sobre un determinado tema tratando de xustificar así a interdisciplinariedade da materia, conectándoa ademais con situacións do mundo real.

16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor/a do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas, se os mínimos esixibles son os axeitados, se as medidas de atención á diversidade funcionan, se os resultados académicos obtidos polo seu alumnado son satisfactorios, ...

Por outra banda, é posible que ao longo do curso académico xurdan actividades interesantes que non figuraban na programación e novas ideas sobre algún dos aspectos da programación inicial.

As reunións do Departamento conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. E dicir, conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que van aparecendo.

De todas as formas, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do curso seguinte. Para facilitar a citada avaliación, o Departamento de Matemáticas establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación:

INDICADORES DO GRAO DE DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.	SI	NON	A MEDIAS	OBSERVACIÓNS
1. Os perfís competenciais están ben elaborados.				
2. O grao mínimo de consecución esixido para cada estándar foi o adecuado.				
3. A temporalización foi a adecuada.				
4. As rúbricas elaboradas foron adecuadas.				
5. O sistema de avaliación foi adecuado.				
6. Os instrumentos de avaliación foron adecuados.				
7. Os criterios de cualificación foron adecuados.				
8. A metodoloxía foi a adecuada.				
9. As medidas de atención á diversidade foron as adecuadas.				
10. O procedemento de recuperación de materias pendentes foi adecuado.				
11. As actividades extrascolares propostas foron adecuadas.				
12. Abordáronse todos os estándares de aprendizaxe.				
13. Os resultados académicos foron satisfactorios.				
14. Os libros de texto empregados foron adecuados.				

Asinado polos compoñentes do Departamento de Matemáticas do IES RAMÓN CABANILLAS de Cambados no presente curso 2022 – 2023:

Marcos Maseda Rodríguez (Xefe do Departamento)

Ana Iglesias García

Sandra María Trigo Trigo

Juan Carlos González Pérez

Milagros López Conde

En Cambados, a 20 de Xaneiro de 2023.